

DE ANXOS E DERROTAS

Levabamos esperando desde 1989 -ano de publicación de *Ningún cisne*- unha nova entrega poética de Manuel Rivas e esta confórmase en *Costa da morte blues*¹ como un conxunto heteroxéneo onde conviven textos en verso con prosa de alta fondura poética, o cotián co máis elevado, os sobrios deseños de Antón Mouzo coas referencias ós cadros de Vermeer, Millet, Friedrich e Van Gogh, o laio por unha terra maltratada co blues desgranado por un saxo.

Dous son os rasgos máis salientables do poemario: a presenza constante dun sentimento relixioso primario, alongado do «academicismo» teoloxal, relacionado coas tradicións máis ancestrais, cos ritos e mitos de comunión coa natureza; e a vivencia dun outono que obriga ó eu poético a devalar entre a beleza da paisaxe dourada e a tristeza inherente a esa estación.

O respeito, case franciscano, que a voz poética amosa por todos os seres facilita o sentimento da cercanía de Deus que non é un ser superior e vingativo senón unha presenza próxima, cotiá, telúrica que outorga liberdade de actuación a un home escindido nunha ambivalencia desacougante. A perda da inocencia infantil e o rexeitamento da superioridade doutro ser sobre el é algo que xa anuncia a voz da nai-fonte, sempre vixiante e protectora:

Cando sexas home, maldicirás

contra o meu Deus

como fan todos os homes.

E eu rezarei por ti.

A túa voz alzarase tanto

coma mingüe a miña,

e eu, en silencio, rezarei por ti

cando sexas home.

Pero aínda os seres máis castigados, os empuxados ó inferno da derrota, entoan un canto de agradecemento cara a Deus pois saben que, mesmo na súa maldición, existe unha realidade digna de ser vivida. A aceptación resignada do destino adverso, do esquecemento de todos -ata da propia divindade- é un lazo común

¹ Edicións Xerais de Galicia, Colección Ferros, Vigo, 1995

ós habitantes da Costa da Morte (paisaxe esgrevia e dual na súa fermosura destructiva) capaces de exclamar como Abbadón, anxo do abismo: "*¡Gracias, Señor, por aquela maldición!*".

O segredo da Sección Áurea, ese número que garda a proporción máis perfecta, converte ó carpinteiro Pepe- que nos leva inmediatamente a San Xosé- nun artesán divino proveedor dos elementos que acompañarán o paso da nosa vida: *o berce, a sella e o pote, o carro e a artesa, o barco que conduce a América, o leite, a Virxe e as doas, o sartego*. Vai a súa obra unida inexorablemente ás etapas vitais do ser humano, á súa cotidianidade -o nacemento, o traballo, o amor, a morte- mais tamén lle permite desenvolver cualidades artísticas e espirituais máis elevadas: a arte e a relixión.

Toda a natureza -o río, o ameneiro, a troita- se manifesta como parte consciente dun cosmos creado pola divindade e como actante dunha función específica. Só o home se sente alleo -como o anxo caído e o alavanco do ártico que inverte en terra estraña- e desorientado ante a imposibilidade de reproducir un labor predestinado pois ignora cal é. Unicamente a el lle foi reservada a potestade de pensar e manifestar sentimentos «impuros»: o odio e a melancolía, vivencias que o afastan aínda máis da perfección divina mentres é consciente da existencia dun mundo perfecto do outro lado dun río que lle é negado cruzar:

Da outra banda, Señor, vexo ese verde

e terras de ben dar

e un regato con vimbios de ouro vello

e un anxo que esfolia as espigas do millo

cabo dun hórreo de cen pés.

Sei que nunca cruzarei ese río

A invasión da técnica -"Un home"-, o renego das propias orixes -"A fonte"-, son algo alleo ó espacio natural da Costa da Morte que ofrece os seus froitos á mirada curiosa dun eu poético convertido en cronista, relator, dunha forma de vida aínda non invadida pola modernidade, en comunión coa terra e co ancestral. Fronte ó caos, o ruído urbano e as présas dos que se afastaron da natureza, elévase unha voz imposible de desoír: a nai-terra que nos atrae de novo a ela obrigándonos a revivir a súa realidade.

*Asomou á fiestra do hotel,
sobre o sistema de alarma da cidade,
porque escoitou o berro da nai
chamándoo ao anoitecer.*

O outono -verdadeiro ou recreado coas técnicas máis novidosas da realidade virtual- é padecido como un gume na súa derrota melancólica. A visión da seitureira -coa gadaña mortífera nas mans-, do corvo -animal ligado tradicionalmente á morte-, da toupa -ser subterráneo e escuro- provocan no eu poético a tristeza outonal e a seguridade da chegada do inverno. Vólvese entón ós recordos: a nai orlada de láctea luz branca, os fillos, as experiencias infantís e escolares,... Pero non é suficiente e a soidade envolve a un eu poético que xa abandonou as bandeiras de antano para portar nas mans unicamente a "*orgullosa, vermella e triste rosa de Yeats*", símbolo da súa fugacidade vital. Agora, máis que nunca, é consciente de que, así no Xuízo Final como en toda batalla, sempre serán esquecidos os seres da Fistera:

*E rematado todo,
chegaremos nós,
o queixume dun carro de Soneira
no xa desértico val de Josaphat.*

E cando ese río -nacido da fonte-nai que fora deixando atrás no seu percorrido- está a chegar á súa fin o mar confórmase nun líquido amniótico no que adormecer o anxo caído e afogar as derrotas da melancolía. Mais, antes de que o inverno cubra a faz da terra coa neve da tristeza, elévase a voz a esa divindade bondadosa e comprensiva para aceptar con sumisión o seu dictame e rogarlle a celebración dun último rito de despedida: escoitar, na nosa memoria, un blues.

*Pai Noso, pois, que estás nos ceos,
en memoria daquel que eu fun,
dille ao Río Grande que toque
outra vez ese blues.*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 693, 28-9-1995, p. 24